

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON DATA 8 DE NOVEMBRO DE 2018

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinte horas do oito de novembro de dous mil dezoito, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnen os Sres. concelleiros: D^a M^a del Mar Rey Pérez; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledo; D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso; D^a M^a del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D^a M^a Salomé Peña Muñiz; D. Luis Serantes Alvarez; D^a Susana Fandiño Vázquez; D. Antonio Roma Arcos; D^a M^a Dolores Esperón Feijoo e D. Antonio Bermúdez Varela.

Actúa como Secretaria da Corporación D^a M^a Dolores Franco Mateo.

1º.- ACTAS ANTERIORES

Dáse conta á Corporación da acta da sesión correspondentes á ordinaria celebrada con data 23 de maio de 2018.-

Pola Sra. Peña Muñiz indícase que no punto 6, rogos e preguntas, nos primeiros parágrafos falta puntualizar.

Unha vez tidas en conta as aclaracións feitas pola Sra. Peña Muñiz, a acta é aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º.- DESIGNACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA 2019

Dáse conta da proposta da Alcaldía no que consta que visto o escrito recibido con data 25 de outubro de 2018 do Servizo de Emprego e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria no que se indica que de conformidade co disposto no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo (Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores) e no artigo 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, é preciso proceder á designación das festas locais neste Concello para o vindeiro ano 2019.-

Tendo en conta que nos últimos exercicios víñase propoñendo como festivos locais o luns de Pascua e o venres no que se celebre as Festas do Viño Tinto, propónse que se designen os mesmos días.

O Pleno por unanimidade dos Sres. asistentes acorda establecer como días Festivos Locais para o vindeiro ano 2019:

- Día 22 de abril (Luns de Pascua)

- Día 31 de maio (Festa do Viño Tinto)

3º.- NOMEAMENTO DE XUÍZ SUBSTITUTO

Pola Sra. Martínez Troncoso dáse conta do procedemento realizado para a designación de Xuíz de Paz Substituto deste Concello segundo o acordo adoptado polo Pleno con data 5 de xullo de 2018, informando que, publicado o anuncio (no B.O.P. Nº 157 de data 16 de agosto de 2018) e os bandos correspondentes, presentáronse tres solicitudes no prazo establecido, indicando que dúas persoas son de Ribadumia e unha do Concello de Meis.

A Sra. Martínez Troncoso indica que dado que este posto é para a substitución puntual en caso de ausencia do Xuíz titular, considérase conveniente que a persoa designada resida neste Concello, e sendo sabedores do carácter conciliador de D. Ramón Lede Caramés, así como do coñecemento que ten dos veciños e a experiencia que xa ten nestes últimos anos como Xuíz, propón a súa designación como Xuíz de Paz Substituto de Ribadumia.

A Sra. Peña Muñiz di que o segu grupo está a favor da proposta e quere agradecer a labor que ata de agora está levando acabo de forma desinteresada.

O Pleno da Corporación, por unanimidade acorda: 1º Designar a D. RAMÓN LEDE CARAMÉS como Xuíz de Paz Substituto do Concello de Ribadumia e que se dé conta do presente acordo ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para o seu nomeamento.

4º.- PROCEDEMENTO PARA A LIMPEZA DE FINCAS PARTICULARES

Dá conta deste punto a Sra. Martínez Troncoso, e di que este procedemento fai referencia as modificacións que nos introduciu as normas das novas actuacións administrativas que aprobou a Xunta; que se trata de regular o procedemento a seguir para dar cumprimento as obrigas da xestión de biomasa vexetal e a retirada de especies arbóreas; que existe unha normativa básica e a parte no Concello hai unha ordenanza de ornato que serve de base para facer este procedemento.

Engade que o procedemento distingue dous supostos: nun caso se se trata de fincas das que se coñece o propietario e, por outro lado, as fincas cuxos propietarios se descoñecen e que non se localizan dende o Concello.

O procedemento empeza sempre por unha instancia dun particular, posteriormente o técnico municipal vai comprobar se efectivamente esa comunicación é real ou non.

Se o técnico considera que non se infrinxe a normativa, esa instancia arquivaríase sen máis, e se efectivamente infrinxe esa normativa, faríase a primeira notificación ao propietario dándolle un prazo de 15 días naturais, nos cales tería ou ben que limpar ou ben presentar alegacións.- Se presenta alegacións e non se lle dá a razón, pasaría ao seguinte punto no cal se el non procede a limpeza de finca. Tería unha segunda notificación, con 15 días naturais tamén. Pasado estes prazos faríase unha publicación no BOP, e por lei tamén serían 15 días naturais. Pasado todos eses prazos, o técnico faría un informe no que consta a ausencia desa limpeza e o Concello pasaría a executar a limpeza. Ben con medios propios ou ben contratando unha empresa. Unha vez feita a limpeza faríase a liquidación deses custes que se pasarían ao propietario desa finca.

Se pola contra, non se atopa o propietario, pasaría a facerse a limpeza pero no momento que haxa un movemento con respecto a finca, e máis agora que se está levando a recadación directa, se pasará a liquidación ao propietario.

Ademais na lei se inclúe que se poidan executar as liquidacións sobre a madeira e incluso proceder á expropiación se as liquidacións fora máis que o valor catastral.

Toma a palabra Sra. Peña Muñiz, están de acordo en que se especifique o procedemento.- Di que o que eles pedirían, ademais dun procedemento dos pasos a seguir, que se amplíe a información para que os veciños saiban o que poden esixir. Que se especifique as especies arbóreas, desde onde conta os 400 metros.

A normativa se modificou (various distancias e medidas a levar a cabo polo Concello) pola Xunta de Galicia no mes de abril, e o P.P. xa solicitou que se dera esta información o ano pasado. Especificar estas dúas cuestións.

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso e di que, como ela debería saber xa que estivo gobernando moitos anos, cando se aproba un procedemento non se especifica todas as normas urbanísticas senón que se fixarán no informe técnico.

Engade que na publicidade da Xunta non figura taxativamente as especies; que iso non se recollerá no procedemento, pero se pode poñer como anexo o mesmo que di a Xunta e con respecto as distancias di que tamén se pode achegar como anexo.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde e explica que o espírito deste procedemento é clarificar e que os veciños sepan as obrigas que teñen respecto a manter limpas as finccas e o que se pode esixir; que lle parece ben as puntualizacións feitas pola Sra. Peña e como dixo a Sra. Martínez Troncoso se pode incluír como anexo.

O Concello fará estes traballos pero non a custo cero, senón se detecta ao principio e completar co anexo.

Rematadas as intervencións o Pleno, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda: Prestar aprobación ao procedemento de limpeza de fincas particulares.

5º.- INFORMES DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO DO 3º TRIMESTRE 2018

Dase conta de que, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro e demais normativa aplicable, pola Tesourería elaborouse o informe de morosidade e período medio de pago a provedores correspondente ao terceiro trimestre de 2018 nos que constan o número e contía global das obrigas pendentes nas que estase a incumprir o prazo de pago, e coa incorporación do informe de Intervención das facturas respecto das cales teñan transcorridos máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro e non se teña tramitado o recoñecemento da obriga.

O Pleno Municipal por unanimidade dos Sres. asistentes dáse por enterado, ratificando o contido dos devanditos informes.

6º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POPULAR DE "APOIO AO MANTEMENTO DO PARQUE DE BOMBEIROS E RIBADUMIA"

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, e da conta da moción presentada polo grupo municipal do P.P. con data 24/07 e que presentaron en base a unhas declaracións que fixeron a Presidenta e Vicepresidente da Deputación e daba conta dun informe elaborado pola Deputación referido as emerxencias na provincia e un dos plantexamentos anunciados para mellorar o mapa de emerxencias foi o de cambiar a actual localización do parque de bombeiros de Ribadumia porque, segundo a Presidenta, se melloraría o grado de cobertura noutras zonas que agora mesmo téñeno baixo.

Engade que ante estas manifestación o PP non se vai quedar pasivo, e solicitan que non se quite un servizo tan importante como é o de emerxencias; que rectifique as palabras e non se elimine o servizo e que espera contar co apoio de toda a Corporación

En resumo, propón a adopción dos seguintes acordos:

1º Manifestar o apoio e defensa do concello de Ribadumia a manter o Parque de Bombeiros do Consorcio Provincial na súa actual localización en Ribadumia.

2º Rexeitar as palabras de Carmela Silva nas que plantexa pechar e trasladar o parque de bombeiros de Ribadumia a outra localidade, para segundo ela, "mellorar o grado de cobertura na provincia".

3º Instar a Presidenta da Deputación e Presidenta do Consorcio Provincial de Bombeiros, a rectificar as súas declaracións por outras na que se comprometa a manter o parque de bombeiros de Ribadumia nas condicións e localización actual.

Toma a palabra o Sr. González Ledo e di que non houbo ningún cambio no que respecta ao parque de bombeiros; que hai algúns conflitos herdados da anterior Corporación, pero en principio, mantense o servizo nas mesmas condicións e non hai previsión de cambios, polo de agora.- Que o que pide o P.P. é que se rexeite unhas palabras ditas nunha rolda de prensa.-

Engde que o sistema funciona ben e iso demóstrase coa resposta dada aos incendios que houbo (sobre todo o ano pasado) e que esta Corporación sempre vai defender que Ribadumia esta ben atendido en materia de emerxencias.

Que o debate se debe plantexar na Deputación e se nun futuro houbera algún cambio que prexudique a Ribadumia os membros do equipo de goberno serían os primeiros en esixir, pero adiantase a eses cambios, non lle parece responsable nin necesario.

Toma a palabra o Sr. Oubiña Lago e di que a moción faille graza e xéralle dúbidas sobre a actuación do P.P.; que non se falou de que se fora a eliminar o parque de bombeiros e non hai informes ni documentación neste sentido polo que non ve motivos para esta moción.

Que os representantes dos bombeiros dixeron en prensa que se ían a reunir con bombeiros para ver os problemas que tiveron.- Que os bombeiros se dirixiron ao P.P. a través do Facebook e les dixeron que "*Nunca miráchedes por nos e agora que*

vos convén posicionádesvos, podedes estar tranquilos que o parque non se vai mover, oxalá fixerades tanto alboroto cando os vosos compañeiros da Deputación nos privatizaron para 8 anos" e outro comentario foi "Agora encéndenselles as alarmas aos que quixeron que fosen os únicos bombeiros de España, os peor pagados de España, que se traballe nas situacións máis precarias de España. Non vos preocupedes que non imos permitir o peche do Parque de Bombeiros de Ribadumia. Cando rematemos con este episodio veremos se hai tanto interese en mellorar das outras carencias que si temos a maior parte do Servizo de Bombeiros de Galicia".

Dí que parece que pasou o día e pasou a romaría e lle gustaría saber se fixeron algo máis a este respecto ou solo este alboroto.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, as intervencións deixan bastante que desexar; que eles so presentaron unha roda de prensa para reclamar que se manteña un servizo ante a pasividade do equipo de goberno.- Que a Sra. Presidenta da Deputación falou en base a un informe.

Di que o Parque de Bombeiros funcionaba mal, pero seguen co mesmo tipo de xestión e poderían telo cambiado. Se pide que a Presidenta rectifique.- Piden que se adopten os acordos propostos en base ás súas declaracións, que digan que están equivocados e que non se van mover.- Que o Concello lle segue o xogo á Deputación, ao igual que se están a perder axudas e subvencións. Que aseguren quen non se vai a mover nin cambiar de sitio.- Que se para o equipo de goberno esixir un servizo é facer un circo, pois estaremos facendo circo todos os días, e sairán as veces que fagan falta.

Toma a palabra o Sr. González Ledo e aclara que hai un contrato asinado para a xestión indirecta e por iso non se pode cambiar ata que se extinga.- Que non é adecuado como está a funcionar.- Que o único que ten sentido aquí é que o P.P. defenda a Ribadumia en base a unha seguridade e calidade do servizo de emerxencias. E en iso estamos todos de acordo.- Que si iso estivera en xogo eles serían os primeiros en adoptar as medidas que foran necesarias.

Pregunta se preguntaron na Deputación ou presentaron algún escrito ao Pleno da Deputación.-

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, está clara a moción e a súa postura e a do Equipo de Goberno.

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso, di que todo o mundo sabe que o P.P. non apoiou outras mocións que se trouxeron e que afectaban a temas importantes

como a loita contra a velutina ou para que Augas de Galicia limpara as presas.- que ela non escoito nas declaracións que se vaia a eliminar o parque. Fala dun hipotético, dun posible,... Dí que co punto 1 da moción todos están de acordo pero o resto dos temas son cuestións políticas.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde, e di que hai que ser claros, que é un Consorcio o Parque de Bombeiros (50% Xunta e 50% Deputación), se a Xunta non estivese de acordo tampouco se podería facer cambios. Terían que estar de acordo tanto a Xunta como a Deputación. Que a Sede do Parque é e a subsede é Vilagarcía e diso non se ten coñecemento que vaia a haber cambio algún.- Non hai debate político posible. O resto é debate que non leva a ningún sitio. Carece de sentido se non hai acordo polas dúas institucións.- Que ningunha das dúas administracións pode actuar pola súa conta.

todos os Concellos e Ribadumia se oporía.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por sete votos en contra e seis a favor (P.P.) acorda **REXEITAR** a moción presentada polo Grupo Municipal do P. P., para o apio ó mantemento do parque de bombeiros en Ribaumia.

7º.- MOCIÓN PRESENTADA POR "ESMAR NON Á VIOLENCIA" SOBRE SOLICITUDE DE PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR NA COMARCA DO SALNÉS

O Sr. Oubiña Lago da conta da moción presentada para o ser tratada no Pleno por ESMAR e solicitan un punto de encontro na comarca do Salnés.- que é un servizo moi necesario, sobre todo para as vítimas de violencia de xénero.

Que só hai 7 puntos de encontro e o de Pontevedra acumula unha lista de espera de máis de 6 meses.- que pola poboación do Salnés está xustificada a súa creación; que hai moitos casos de divorcios e separacións duros no Salnés (estatísticas de unha separación por día e máis da metade non soen ser en bos termos), ou sexa que unhas cento e pico parellas ó ano precisan deste servizo.

Que a petición está xustificada e onde están presentando a moción se está aprobando por unanimidade.

Toma a palabra Sra. Peña Muñiz, van a apoiar esta iniciativa, é positiva para toda a comarca para non ter que desprazarse ata Pontevedra.

Felicitar ESMAR polas labores que veñen realizando e esta iniciativa e espera que se consiga. É un tema preocupante; as cifras son alarmantes e hai que traballar en conxunto para eliminar esta lacra.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde, agradecer que todos esten de acordo e a ESMAR o traballo que veñen realizando. Neste punto e noutros proxectos que ven desenrolando. Axudar aos veciños da comarca.

Rematadas as intervencións o Pleno, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda: Impulsar dende o Concello as medidas necesarias para solicitar a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, Secretaría xeral de Igualdade a creación de un Punto de encontro familiar dentro da comarca do Salnés.

8º.- MOCIÓN PRESENTADA POLA ALIANZA POR UN RURAL GALEGO E COUSA DE RAÍCES PARA A PROTECCIÓN E MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO

Pasa a comentar o punto o Sr. González Ledo, e di que esta moción se presenta a instancia dun colectivo composto por varios organismos; estiveron reunindo firmas para unha iniciativa popular; o Parlamento a admitiu a trámite pero aínda non se debateu. – Que a moción propón que se adopten os seguintes acordos:

1º.-Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei, por iniciativa legislativa popular, para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais, que se está a impulsar polas entidades e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

2º.- Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa legislativa popular.

Di que entendeque non ten sentido posicionarse antes de que se tome a decisión. Hai que incidir que se están sobrepassando dos criterios dos informes de técnicos forestais; haberá que deixar o traballo a quen ten as competencias e coñece o asunto,

Neste momento van a absterse.

Toma a palabra o Sr. Serantes Álvarez, e di que o sentido do seu voto era a abstención, que lles desencaixa o sentido dunha moción que presentou o grupo de goberno se absteña.

O Sr. Alcalde responde que non a presentan eles; que foi a proposta dun colectivo e que traen todas as mocións que se presentan para que cada grupo manifeste a súa postura; que non ten que estrañarse de que se absteñan.

Rematadas as intervencións o Pleno, a moción non resulta aprobada por terse abstido todos os membros da Corporación.

9º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA SOBRE "DOTACIÓN DUNHA AMBULANCIA MEDICALIZADA PARA O SALNÉS"

Da conta da moción presentada o Sr. Oubiña Lago; di que esta moción foi remitida polo Concello de Vilagarcía e para a solicitar que se dote dunha ambulancia medicalizada para o Salnés.

Di que a Xunta argumentou que non era necesario polo número de habitantes pero si é importante tela no verán cando veña o ex presidente a Sanxenxo por si lle pasara algo.

Que é un servizo necesario (como os outros que se faloron) espera que voten a favor; aproveita o punto da orde do día para facer ver como está a tratar o P.P. a área sanitaria.

Lembra que o Hospital do Salnés perdeu o selo amigo dos nenos; os ataques á Sanidade son continuos e evidentes. Que o P.P. independentemente do que vote que traballen algo e que a Xunta tamén vote a favor en Santiago para que nos sirva ter ao P.P. en Ribadumia se logo noutras administracións non o van a aprobar e ningún vai a elevar a voz. Quería ver os titulares de P.P. reclamando algo ao P.P. de Santiago.

Toma a palabra o Sr. Serantes Álvarez, van a votar a favor, só dirá eso.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde, e di que é un servizo importante. Xa se comentou na Mancomunidade, é un servizo necesario. Felicitar por acadalo por consenso.

Rematadas as intervencións o Pleno, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

1º.- Manifestar o rexeitamento á negativa da Xunta de Galicia a dotar dunha ambulancia medicalizada á Comarca do Salnés

2º.- Instar á Xunta de Galicia a reconsiderar este posicionamento e á Consellería de Sanidade a dotar dunha ambulancia medicalizada ao Salnés.

3º.- Instar á Consellería de Sanidade a realizar un estudio sobre cal é a derivación máis rápida para os afectados de miocardio, ou ben Vigo ou Santiago

10º.- MOCIÓN REMITIDA POLO CONCELLO DE CALDAS DE REIS CON MOTIVO DO ESTADO DO RÍO UMIA E A MICROCYSTIS

Toma a palabra o Sr. González Ledo e da conta da moción presentada con motivo do estado do río Umia e a microcystis remitida polo Concello de Caldas de Reis.

Explica que se está desenrolando un pouco máis arriba do encoro unha microalga que tinxe a auga de verde e pode provocar efectos tóxicos. O verán chegou ata aquí nalgún punto do río e hai tempo que non se vía.- Que o Concello de Caldas é o primeiro concello que sofre o problema pero que é un problema ambiental de todos os que están río abaixo.

E pasa a ler a moción: *"O estado do río Umia ao seu paso polo noso concello é unhas das principais preocupacións sociais e políticas dos veciños de Caldas.*

As condicións nas que se atopa este río é de absoluto abandono.

A isto hai que engadir que no encoro da Baxe está a sufrir un novo episodio de contaminación por cianobacterias, algas tóxicas potencialmente perigosas para a saúde das persoas segundo a propia Consellería de Sanidade. Ademais este ano, como novidade, a alerta deuse especialmente anticipada no tempo e están a verse concentracións elevadas augas abaixo do encoro, o que pon de manifesto que o problema non fai máis que agravarse cada ano.

A pasares disto, o goberno da Xunta de Galicia non toma conciencia destes problemas, non cumpre co mantemento mínimo esixible do río, nin toma medidas para evitar que se produzan altas concentracións da cianobacteria.

Todo isto xera graves prexuízos para as veciñas e veciños de Caldas, pois nin se pode facer uso do Umia como lugar de ocio nin se pode desfrutar das paisaxes arrebatadas por un río completamente abandonado e de cor verde. Ademais disto,

temos que soportar cos nosos impostor un sobrecusto no tratamento da auga debido aos tratamentos especiais que se teñen que levar a cabo no ETAP."

O grupo do P.P. di que non ten nada que observar e o Sr. Alcalde, agradece o consenso

Rematadas as intervencións o Pleno, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda: aprobar a moción nos termos en que está redactada.

11º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO COLECTIVO "QUERENDO" SOBRE "ATENCIÓN A MULLERES CON ENDOMETRIOSE E DIVULGACIÓN DA DOENZA"

Comeza o punto o Sr. Oubiña Lago, presenta esta moción a Asociación Querendo. É unha moción orientada a mellorar a información tanto a facultativos e persoal sanitario, como para a as mulleres que son afectadas desta enfermidade.

É unha doenza que afecta a 1 de cada 10 mulleres en idade fértil e tárdase de media 8 anos en diagnosticar.

A enfermidade consiste no crecemento non normal do endometrio, que é unha membrana que cubre o interior do útero.

E pode afectar a calquera outro órgano. Se descobre cando a muller se intenta quedar embarazada, é unha das consecuencias que pode traer a enfermidade é quedar estéril.

Resaltar que hai un acordo de 2015 do Parlamento. O P.P. o aproba e logo queda no tinteiro ou se esquecen que as políticas de Corporación que levanten a voz e piden que se cumpran os acordos.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, antes de entrar en debate pide que cando se presenten este tipo de mocións que se lle dea traslado aos grupos políticos no momento que a presenten e non agora no pleno. Que o seu grupo enterouse por outros concellos e preguntou se se tiña presentado.

Van a apoiar a favor de moción, e lembra que é importante realizar unha boa labor de información e formación.

Que o que se aprobe se leve a cabo pola parte que corresponde a este Concello.

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso, efectivamente que na Xunta de Portavoces non se levaba o asunto pero se dixo que se traería a Pleno; non obstante lémbrale á Sra. Pela que o tema tratouse no Parlamento que adoptou acordo en 2015.

Continua a Sra. Peña Muñiz, o importante é que se aprobe; e dí que é importante a labora que está a realizar a Asociación.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde, na Xunta de Portavoces lembran que antes non había Xunta de Portavoces e a recuperaron esta Corporación e si se comentou nas comisións informativas e o Pleno.

Rematadas as intervencións o Pleno, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda: Aprobar a moción presentada pola Asociación "Querendo (Mulleres con Endometriose)" na forma en que está redactada.

Dilixencia de asunto por Urgencia.-

Dase conta de que no calendario fiscal de taxas e impostos municipais para o ano 2019 aprobado polo Pleno detectouse un erro e propónse a rectificación do mesmo, sometendo o asunto á consideración do Pleno por urxencia.

Votada a urxencia do asunto e resultando aprobada por unanimidade, se pasa á deliberación e aprobación do asunto

RECTIFICACIÓN DO CALENDARIO FISCAL DO CONCELLO DE RIBADUMIA PARA O ANO 2019.-

Dase conta do calendario fiscal elaborado para o cobro de taxas e impostos municipais para o exercicio de 2019, o cal é aprobado por unanimidade dos Sres. Asistentes

12º.- ROGOS E PREGUNTAS

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz e dí que en algunha Xunta de Portavoces solicita a inclusión dalgunha moción e non se lle fai caso.

Responde o Sr. Alcalde, sempre se trae a pleno. Non hai moción que non se teña traído a Pleno. Noutras lexislaturas non pasaba o mesmo.

Pregunta a Sra. Peña Muñiz, o pasado 5 de xullo aprobouse unha moción de ampliación da escola de música e a axudas. E quere saber que xestións se levaron a cabo.

Responde o Sr. Alcalde, se está traballando para que todas as entidades teñan a máxima comodidade para as súas funcións. Están a traballar nun proxecto moi importante do entorno de CPI e se ten previsto a construción dun edificio de usos múltiples e lles parecen moi interesante e vaise tratar de por en marcha. En 15 anos non se lle deu solución, non pretenda que se solucione en 3 meses. Cando chegaron se lles informou de todas as deficiencias e carencias; se recolleron suxerencias e se elaboraron un proxecto que se pretende levar a cabo. As cousas hai que facelas con sensatez e cautela, non solucionar un parche senón unha solución a medio ou longo prazo.

Van a tomar as decisións oportunas. Se teñen que reunir coa Asociación de Veciños e coa de Música pero hai que dar unha solución a longo prazo.

En 14 anos ela non lle respondeu e hai que estudalas. É un tema a estudar. É unha inversión moi importante. Este equipo de goberno en axudas a entidades culturais se incrementou a partida de forma considerable respecto ao anterior goberno (entre culturais e deportivas se incrementou de 40.000 € a 70.000 €).

A Sra. Peña Muñiz, entendo que a día de hoxe non se reuniron con eles.

O Sr. Alcalde, igual que co CPI se reuniu con todos.- Xa que se está a falar da Agrupación Músico Cultural quere aproveitar a ocasión para felicitarlles xa que foron os 2º clasificados a nivel de Galicia. Felicitalos polo traballo en prol da cultura; lembra que antes non se deixaba o auditorio para eses eventos e eles puxeron a disposición das bandas para este tipo de ensaios e están utilizándoo dende o un de xullo para preparar este evento.

A Sra. Peña Muñiz di que pais de nenos se puxeron en contacto co seu grupo para pedir un porche cuberto na zona da entrada da escola de ocio e comedor escolar. Que é un edificio novo que deixou en período de licitación o anterior goberno do P.P. e non se contemplou e hai que buscar unha solución e que se estude a posibilidade de dotalo para que os pais se poidan resgardar cando están esperando polos nenos á entrada e saída.

O Sr. Alcalde responde, está incluído no proxecto do que acaba de falar. O Sr. Serantes Alvarez pregunta qué proxecto y a Sra. Peña di que lles gustaría velo; que xa o solicitaron varias veces por escrito e lle dixeron que cando se dera conta ás partes interesadas como son Educación, o CPI, a ANPA e o club Umia.

O Sr. Alcalde di que se quere velo que veña velo; que xa se lle informou a Educación, o Club Umia, a ANPA e recolle o que están pedindo; a dirección do colexio tamén pediu que se estudara dúas cubertas en dous puntos concretos; que ese proxecto recolle as peticións que se están facendo; lle preocupa que en 14 anos non se acordaban de que chovía e se acordou agora.

Hai un avance importante; que é un proxecto que foi criticado polo P.P. pero gusta a todas a comunidade escolar e deportiva afectadas; de máis de un millón de euros; que vai a dar solución a toda a problemática existente na zona. Pero hai que estudalo e planificalo e é un traballo importante. Cando chegaron había problemas de seguridade vial, de iluminación, as instalacións son para uso e disfrute dos nenos do colexio e do club e todo iso se lle buscou solución con este proxecto. Está en contacto coas distintas administracións e tamén coas partes que lles afecta.

Pregunta a Sra. Peña Muñiz se hai financiamento para dito proxecto.

Responde o Sr. Alcalde, se está buscando e vai a haber financiamento. Van a darlle solución económica porque é unha necesidade. Vai a ser un proxecto real, e ela non foi capaz de darlle solución a todo o entorno. Vai a ser unha solución e están obrigados a buscar financiamento.

A Sra. Peña Muñiz continúa co uso da palabra e lembra que o proxecto de mellora de ximnasio o levou a cabo o goberno do P.P.; que buscáronse solucións para distintos problemas nese entorno e se fixeron moitas melloras importantes no CPI, no campo de fútbol e o Pavillón. Igual que as de Escola de Música e naquel momento deron solución, pero agora non suficiente. As instalacións as puxo en funcionamento P.P. así como as do auditorio, o Pavillón de Ribadumia, ou o Pavillón de Barrantes aínda que haxa que continuar ampliandoas e mellorandoas se crecen as necesidades, e iso hai que recordarlllo porque agora parece que o P.P. non fixo nada.

O Sr. Alcalde di que moitas instalacións se fixeron cando outro era alcalde, hai que ser agradecidos a todos os que gobernaron. El sabe que hoxe está e mañá pode non estar.- Que o crecemento de Ribadumia se produxo en gran parte gracias á aprobación do PXOM, Polígono Industrial e Concentración parcelaria, que levouse a

cabo con outro alcalde e a partir de ahí todos os que tiñan o orgullo de gobernar hai que telo en conta.

O Sr. Serantes Álvarez, quere preguntar se o Sr. Alcalde pode dar unhas pautas sobre en qué consiste o proxecto a que se está facendo referencia constantemente.

O Sr. Alcalde di que xa dixo que poden vir a velo e senon, o outro día pediu lle di que él fixo unha petición dun local dunha Casa de Cultura.- O Sr. Serantes Alvarez di que non se enrole coma unha persiana e vaia ao grano; o Sr. Alcalde di que o teñen que saber os veciños e o Sr. Serantes di que chamou ao Alcalde ás nove da mañá para pedirlle un favor para o P.P. de que se lle concedera o uso dun local; que lle pideu un favor e agora o quere vender; que llo agradece; pero que non está para aguantar parvadas; que se está rememorando ata hai máis de 18 anos, ata a época do Sr. Barral coma Alcalde.

Tras un intercambio de intervencións, o sr. Serantes dí que a súa pregunta é moi clara e directa que so preguntou se podía dar unhas pautas de en qué consiste o proxecto e non está para aguantar parvadas e abandona a sesión.

A Sra. Peña Muñiz intervén, ela fala dunha cousa e o Alcalde contesta outra.

O Sr. Alcalde, o equipo de goberno é transparente e trata a todo o mundo por igual e cree que non hai nada pendente de contestar.

Luís fixo unha pregunta e se lle dixo que non se había contestado en 15 días e se había presentado facía uns días e se lle contestou ese mesmo día. Igual que a calquera veciño ou entidade.

Igual que se fixo esa chamada para facer esa solicitude se podía pedir documentación e non traer o asunto ao Pleno. O que se quere é que todos os veciños teñan toda a información que necesiten. – Que cando queren poden ver o proxecto e vai chegar a todos os veciños

A Sra. Peña Muñiz di que lembre que o pediron en varias ocasións.- O Sr. Alcalde volve a contestar que se ía a dar conta primeiro ás partes e entidades afectadas directamente polo proxecto.

A Sra. Peña Muñiz di que primeiro se lle dixo que o Concello ía a presentar unha denuncia contra a Deputación por non ter concedido a axuda; loque que se ía presentar á Educación, ao ClubUmia e ANPA e ata o día de hoxe non puideron ter

acceso ao proxecto e por iso se pide agora e se pediu que de unhas pautas do mesmo, porque ata agora non se lle facilitou.

O Sr. Alcalde, di que todas estas cuestións son vagas; que no tema das melloras dos cemiterios se fixeron actuacións que ela se abstivo e os veciños están contentos; que con este proxecto consensuouse co CPI e agora o pode facilitar.- que ten o visto bo do Umia, do Director do CPI e Xefa de estudos e ANPA de Barrantes e Educación. E agora expóñeno a tódolos pais. Ten que ser un proxecto que valga para 20 anos.

A Sra. Peña Muñiz pregunta polo pintado de Rúa Rosalía de Castro xa que segue sen pintar; se se chegou acordo coa Deputación e cando se vai levar a cabo e se hai algún avance ou cambio neste sentido?

O Sr. Alcalde responde que faláron coa Deputación; que este tema ven precedido dunha denuncia da Dirección Xeral de Tráfico; que hai un número moi limitado de prazas de aparcamento e hai que estudalo. Lle pregunta se ela está de acordo en facelo de acordo coa normativa ou non ou se quere que se pinte ou non ou de eliminar aparcamentos.

A Sra. Peña Muñiz contesta que ela so di que está sen pintar e pregunta se hai xestión técnica en función da normativa aplicable. Haberá que poñer unha proposta aos técnicos e poñela sobre a mesa e darlle o visto bo.

O Sr. Alcalde, se vai pintar e se vai buscar unha solución.

A Sra Peña Muñiz di que cando fai unha pregunta e o Alcalde fala de transparencia e indica que unha veciña se dirixiu a vostedes para solicitar un vado para a súa vivenda e non se lle contestou. E pregunta se sabe como está ese asunto

O Sr. Alcalde, non lle consta; terá que ver o tema. Vai a informarse e se dará contestación.

A Sra. Peña Muñiz fai outra pregunta, como está o expediente das obras de Pazo do Monte.

O Sr. Alcalde contesta, se solicitou un expediente de legalización das obras, e aínda non se concedeu licenza para dita legalización e se tramiatou un expediente de paralización das obras.

E non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos, de todo o cal, eu, como Secretaria, dou fe.-